

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 16 de SETEMBRO de 2011**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 16 de setembro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 9/11, do 29 de xullo.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións da Presidencia, da nº 11.201 á nº 15.700, de 2011.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.891, do 29.07.2011, pola que se atribúe a dedicación exclusiva a membros da Corporación.

4.-Proposición da Presidencia sobre a representación da Deputación en determinados organismos.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

5.-Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar o “Programa de actividades de música e teatro durante o ano 2011”.

6.-Convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os “Cursos de Verán de 2011”.

7.-Convenio coa Asociación Cultural Airela para financiar o Proxecto “Proarte”.

8.-Convenio co Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para financiar o proxecto “Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2011”.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

9.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Pavimentación Piñeiral (Arzúa) e outros”, do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0017.0.

10.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Bombeo de augas residuais en Chao (Carantoña)” do Concello de Miño, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008. Código: 08.3300.0030.0

11.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Bombeo de augas residuais Portovello (Carantoña)” do Concello de Miño, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008. Código: 08.3300.0031.0.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Ratificar a Resolución de Presidencia nº 15.036 do 12 de agosto de 2011, relativa á composición da Mesa de Contratación Permanente.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

13.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2011 sétima fase, integrado polo proxecto: terminación de seguridade viaria na DP 3006 acceso á Zapateira do PK 1+960 ao 2+740. Marxe esquerda. Código 1111100008.0

14.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2011 terceira fase, integrado polo proxecto: proxecto actualizado do proxecto modificado DP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo (segunda fase). Bergondo. Código 1111300003.0.

15.-Aprobar o proxecto reformado de terminación do modificado nº 1 da travesía na DP 3004 de Cabanas a Martinete PK 0,3 ao PK 1,40. A Coruña.

16.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011. Segunda fase, integrado polo proxecto: pavimentación con MAC na DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres PK 5,340 a 9,469 (Monfero). Código 1111000022.0. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

17.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2011, sexta fase integrado polo proxecto: mellora da seguridade viaria DP 1708 Castelo a Andeiro e Ramal de San Benito (Cambre). Código 1111100007.0. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

18.-Cubrir a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto: ampliación e mellora de trazado da EP 0810 Guiliade a Guísamo primeira fase (Bergondo). Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

19.-Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2010.

20.-Toma de coñecemento do informe sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de abril de 2011, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163 do 6 de xullo de 2010).

21.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Brión en materia de xestión, inspección e recadación, voluntaria e executiva, da taxa

pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

22.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Oroso en materia de xestión, inspección e recadación, voluntaria e executiva, da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

23.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Pontedeume en materia de xestión, inspección e recadación, voluntaria e executiva, da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

24.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Trazo en materia de xestión, inspección e recadación, voluntaria e executiva, da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

25.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Corcubión en materia de recadación, voluntaria e executiva, da taxa pola entrada e saída de vehículos pola beirarrúa.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

26.-Convenio para financiar as obras de remodelación de vestiarios en pavillón nº 5 de FIMO Ferrol

27.-Convenio para financiar a 1ª exposición da raza frisoa en Arzúa coa Asociación de promoción da frisoa Coruña (PROFICO).

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 16 DE SETEMBRO DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 16 de setembro de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP

DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Non asiste a Sra. Seixas Naia.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/11, DO 29 DE XULLO.

Apróbbase a acta da sesión anterior, nº 9/11, do 29 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 11.201 Á Nº 15.700, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.201 á nº 15.700, de 2011.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 13.891, DO 29.07.2011, POLA QUE SE ATRIBÚE A DEDICACIÓN EXCLUSIVA A MEMBROS DA CORPORACIÓN.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.891, do 29.07.2011, pola que se atribúe a dedicación exclusiva a membros da Corporación.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A REPRESENTACIÓN DA DEPUTACIÓN EN DETERMINADOS ORGANISMOS.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión na orde do día e tamén por unanimidade apróbbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada.

Resultando que como consecuencia do acordo plenario do 29 de xullo de 2011, foron nomeadas as deputadas D^a María Padín Fernández e D^a M^a Begoña Freire Vázquez como representantes da Corporación no organismo Instituto Feiral da Coruña (IFECO), mais agora o citado organismo solicita que a Deputación propoña un representante para o Consello de Dirección e dous representantes para o Padroado.

En consecuencia, PROPÓN AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Propoñer para formar parte no Consello de Dirección do Instituto Feiral da Coruña en representación da Deputación Provincial da Coruña a D^a María Padín Fernández e como representantes no Padroado do citado organismo a D^a María Padín Fernández e D^a M^a Begoña Freire Vázquez.

Así mesmo, ratificar a Resolución da Presidencia nº 15.618, do 25 de agosto de 2011, mediante a que se acorda designar como representante da Deputación provincial para formar parte no Consello de Administración de Portos de Galicia a Don Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira e deputado provincial.”

5.-CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE MÚSICA E TEATRO DURANTE O ANO 2011”.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Simplemente para dicir que, sen que sirva de precedente o Grupo Provincial do BNG vai votar a favor do 5 ao 27.

Sr. Fernández Moreda

Bos días, o Grupo Socialista tamén vai votar favorablemente todos os puntos que constitúen a orde do día pero quixéramos reservar unha intervención no punto número 20.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades de música e teatro durante o ano 2011, cunha subvención de

60.000 € e cun orzamento subvencionado de 60.000 €, de conformidade co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Excepcionar a limitación no coeficiente de financiamento establecido nas Bases de Execución do Presuposto para as subvencións nominativas en atención á especial natureza da entidade subvencionada.

3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o *Programa de actividades de música e teatro durante o ano 2011*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Juan J. Casares Long, Reitor Magfo. da Universidade de Santiago de Compostela segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 93/2006, do 1 de xuño, actuando en nome e representación desta, en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e do artigo 87 do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Universidade de Santiago de Compostela ten, entre as súas funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia e da técnica, así como a preparación para o exercicio de actividades profesionais, e o apoio científico e técnico, o desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega.

Que a Deputación Provincial da Coruña recoñece na Universidade de Santiago de Compostela un axente fundamental, promotor de proxectos e programas que fomentan a difusión, participación e cooperación culturais na provincia da Coruña.

Considerando a significación e a transcendencia destes proxectos e programas, e a confluencia de intereses entre ambas as dúas institucións, na procura de obxectivos sociais e culturais, acordan establecer unha colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o **Programa de actividades de música e teatro durante o ano 2011**, no que se inclúen:

- * XVII Festival Internacional de Teatro Universitario.
- * Programa “Luces e Cariños” do Coro Universitario.
- * Ciclo de Música Clásica.

II.- Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades sinaladas na cláusula anterior, de acordo co seguinte orzamento:

XVII Festival Internacional de teatro universitario

Luz e son	10.000.-	
Manutención e aloxamento	3.000.-	
Transporte	4.000.-	
Material imprenta e difusión	3.000.-	
Subtotal		20.000.-

Programa “Luces e Cariños” do Coro Universitario

Coordinación artística	2.500.-	
Grupos e solistas	13.000.-	
Transporte e manutención	1.500.-	
Material imprenta e difusión	3.000.-	
Subtotal		20.000.-

Ciclo de Música Clásica

Honorarios artistas	15.000.-	
Afinacións e asistencia técnica	2.000.-	
Material imprenta e difusión	3.000.-	
Subtotal		20.000.-

Total 60.000 €

III.- Financiamento provincial

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/326A/45390, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade de Santiago de Compostela deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira polo que en toda a publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago de Compostela unha vez que presente a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, subscripta polo seu responsable, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

A USC deberá garantir a contabilidade separada dos ingresos e dos gastos que se xeren con motivo do presente convenio, mediante a asignación dun concepto de ingresos e dunha partida de gastos, específicos e achegará un extracto de todos os movementos desta partida de gastos e deste concepto de ingresos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Universidade de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na presentación da documentación xustificativa implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude da Universidade de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

6.-CONVENIO COA UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO PARA FINANCIAR OS “CURSOS DE VERÁN DE 2011”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de 120.200 €, concedida para financiar os “Cursos de verán do 2011”, cun orzamento subvencionado de 177.500 €, de conformidade co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán do 2011*”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Salvador Ordóñez Delgado, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no Orzamento do ano 2011 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán do 2011* de acordo co seguinte programa:

F de falso. La veracidad del engaño.

Alberto Ruiz de Samaniego
A Coruña, do 5 ao 8 de xullo

El problema del mal en perspectiva teológica o filosófica.

Andrés Torres Queiruga
A Coruña, xullo

Responsabilidad sanitaria.

Domingo Bello Janeiro
A Coruña, do 11 ao 14 de xullo

Curso magistral: Europa y su entorno islamo-árabe.

Jesús A. Núñez Villaverde
Santiago de Compostela

Os mamíferos mariños. Estudo e conservación.

Alfredo López Fernández e Juan Ignacio Díaz D'a Silva
Ortigueira, do 31 de agosto ao 2 de setembro

Cien años de Cunqueiro.

Carlos G. Reigosa e César Antonio Molina
A Coruña, do 27 ao 29 de xullo

Gestión de servicios sociales y culturales.

Dirección pendente de confirmar
Santiago de Compostela

Modernización administrativa.
Dirección pendente de confirmar
Santiago de Compostela

China: un século de modernización.
Xulio Ríos
A Coruña, setembro

Mujeres en la historia.
Josefina Méndez
A Coruña, do 5 ao 7 de xullo

Aproximación a la cata de vinos gallegos.
Luis Padín
A Coruña, xullo/setembro

Nuevas tecnologías aplicadas al turismo.
Francisco Candela Castrillo
Ferrol, do 14 ao 16 de setembro

El futuro del Estado Autonómico.
Sonia Rodríguez-Campos e Alberto Vaquero
A Coruña, xullo

II.- Orzamento da actividade que realizará a entidade beneficiaria

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos:

Honorarios de profesores	71.760.-
Aloxamento e manutención	31.590.-
Viaxes de profesores	34.150.-
Publicidade e difusión	10.000.-
Reprografía e material	2.500.-
Comunicación	250.-
Gabinete de prensa	12.000.-
Outros gastos	15.250.-
<i>Total gastos</i>	<i>177.500.-</i>

Ingresos:

Concello da Coruña	10.000,-
Novacaixagalicia	3.000.-
Concello de Ortigueira	3.000.-
Fundación Juana de Vega	2.000.-
Ingresos previstos por matrículas	18.000,-
<i>Total ingresos</i>	<i>36.000,-</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.200 €, o que representa unha porcentaxe do 67,72 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 67,72 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/326A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Li 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso presentación da documentación xustificativa implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderase prorrogar por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento“.

7.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL AIRELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROARTE”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que se recolle no EMC 2/2011 e na Base 49ª das de Execución do Presuposto 2011, a favor da Asociación Cultural Airela, no senso de que se destine a financiar o **Proxecto “Proarte”**.

2.- Aprobar o texto do convenio correspondente á devandita subvención, por importe de 60.000 €, e cun orzamento subvencionado de 75.000 €, tal como se transcribe ao final deste acordo.

3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Airela para financiar o Proxecto “Proarte”

A Coruña,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona María del Mar Ramos Arribas, presidenta da Asociación Cultural Airela.

Ambas as dúas partes, no nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- A Asociación Cultural Airela é unha asociación sen ánimo de lucro que se creou para desenvolver programas que teñan como base a promoción dos estudos galegos nas facetas histórica, cultural, etnográfica, natural e sociolóxica e o desenvolvemento de accións que manteñan o interese pola conservación do noso patrimonio histórico, cultural e artístico.

Para o cumprimento destes fins, a asociación organiza conferencias, cursos, mostras, publicacións, concursos, simposios literarios, musicais, folclóricos dirixidos especialmente á xuventude.

2.- A Asociación Cultural Airela organiza o **Proxecto “Proarte”** para a difusión da cultura a través da arte, e a organización de diversos obradoiros, cos seguintes obxectivos: desenvolver o espírito creativo, espertar e manter a capacidade de imaxinación, respectar a personalidade de cada participante, recuperar e difundir o patrimonio cultural e artístico, promover a arte, servir como referencia para proxectos futuros, concienciar da importancia de preservar o patrimonio cultural, dar visibilidade ao proxecto a toda a comunidade e poñer en valor e difundir unha parte importante da nosa historia.

3.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que

integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Airela coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Airela para financiar o **Proxecto “Proarte”** no que se inclúen as seguintes actuacións:

* Curso de conservación e restauración de pintura sobre tela.

Participantes: 72 persoas.
Idade: adultos de 20 a 35 anos.
Datas: meses de maio e xuño.

* Curso de iniciación ao gravado. Linogravado a cor.

Participantes: 45 persoas.
Idade: adultos de 20 a 35 anos.
Datas: meses de xuño e xullo.

* Curso de pintura ao óleo.

Participantes: 16 persoas.
Idade: nenos de 6 a 14 anos.
Datas: meses de maio e xuño.

* Curso de introdución ao gravado artístico.

Participantes: 48 persoas.
Idade: adultos de 20 a 35 anos.
Datas: mes de maio.

* Curso de verán de pintura con acuarela.

Participantes: 16 persoas.
Idade: nenos de 6 a 14 anos.
Datas: mes de xullo.

* Xornadas de difusión da obra do pintor Gregorio Ferro.

Participantes: poboación en xeral, aprox.70 persoas.
Idade: calquera.
Datas: meses de maio e xuño.

* Elaboración e edición dunha unidade didáctica sobre Gregorio Ferro.
Destinatarios: rapazada de 3º e 4º de Educación Primaria.
Datas: meses de maio, xuño e xullo.

* Reedición do libro: “Gregorio Ferro, pintor de Boqueixón”.
Destinatarios: poboación en xeral.
Datas: meses de xuño e xullo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria

A Asociación Cultural Airela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<i>Curso de conservación e restauración de pintura sobre tela</i>		12.200.-
3 docentes	10.800.-	
Imprenta e difusión	800.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	600.-	
<i>Curso de iniciación ao gravado. Linogravado a cor</i>		6.200.-
3 docentes	4.800.-	
Imprenta e difusión	800.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	600.-	
<i>Curso de pintura ao óleo</i>		3.420.-
Docente	2.720.-	
Imprenta e difusión	400.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	300.-	
<i>Curso de introdución ao gravado artístico</i>		10.900.-
3 docentes	9.600.-	
Imprenta e difusión	800.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	500.-	
<i>Curso de verán de pintura con acuarela</i>		5.240.-
Docente	3.840.-	
Imprenta e difusión	800.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	600.-	
<i>Xornadas de difusión da obra do pintor Gregorio Ferro</i>		2.100.-
Monitor especializado	1.200.-	
Imprenta e difusión	500.-	
Aluguer proxector, pantalla e portátil	400.-	
<i>Elaboración e edición dunha unidade didáctica sobre Gregorio Ferro</i>		13.880.-
Edición de 1.130 unidades didácticas	13.560.-	

Imprenta e difusión	320.-	
<i>Reedición do libro: “Gregorio Ferro, pintor de Boqueixón”</i>		21.060.-
Reedición de 540 exemplares	21.060.-	
<i>Total gastos</i>		75.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Airela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Airela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Airela, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Airela deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, na unidade didáctica e no libro sobre o pintor Gregorio Ferrol figurará o logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Airela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación aboaráselle á Asociación Cultural Airela unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Airela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Airela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Airela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Airela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Airela na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Airela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Cultural Airela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural Airela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Airela deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Airela poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Airela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Airela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Airela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude da Asociación Cultural Airela, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-CONVENIO CO SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE PARA FINANCIAR O PROXECTO “PERCORRENDO VIEIROS DA COSTA DA MORTE 2011”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte correspondente á subvención nominativa, por importe de 22.800 €, concedida para financiar o proxecto “Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2011”, cun orzamento subvencionado de 28.500 €, de conformidade co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para financiar o proxecto *Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2011*.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Xosé María Lema Suárez, presidente do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigar nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia o os arts. 109 e 118 da Lei 5/97 da administración local, nos que se sinala que as deputacións provinciais teñen entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia, e máis concretamente en materia cultural, a Deputación Provincial da Coruña está especialmente comprometida coa conservación do seu patrimonio cultural.

2.- A asociación cultural Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte é unha entidade de carácter cultural, que ten por

finalidade a promoción, difusión, dinamización da cultura galega con especial énfase no estudo da arte, a antropoloxía, a historia, a economía, a etnografía, a lingua, a literatura, a socioloxía e a xeografía das comarcas coruñesas da Costa da Morte.

3.- A Deputación Provincial da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados ás fins arriba sinaladas e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para financiar o proxecto ***Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2011*** que se compón dunha serie de iniciativas a través das que se tenta conformar o relato histórico e patrimonial das distintas comarcas que integran a Costa da Morte, para a posta en valor do seu patrimonio cultural.

Ademais das actividades relacionadas co megalitismo, desenvolveranse outras relacionadas co estudo e divulgación de temas etnográficos, arquitectónicos, históricos e paisaxísticos, de acordo coas seguintes liñas de actuación:

1.- Romarías da Costa de Morte.- Logo de publicar no ano 2009, a guía das ermidas da Costa da Morte, trátase de facer dous documentais para mostrar dúas romarías escollidas cada unha delas pola súa particularidade: a romaría de Virxe da Barca, de Muxía, coñecida polos milleiros de romeiros que acoden a ela; e a romaría de San Fins do Castro, en Cabana de Bergantiños, co seu particular “berro seco”.

2.- O megalitismo atlántico.- No ano 2006 montouse unha exposición itinerante coas principais antas, que foi moi demandada polos centros de ensino. Debido ao deterioro sufrido nos traslados, é necesario renovar os paneis expositivos e engadir a elaboración de guías de consulta.

3.- A Costa da Morte e a Literatura.- Inclúe a celebración do 2º Certame literario sobre o patrimonio da Costa da Morte e a actividade denominada “Un mar de sensacións” que se trata da realización de cinco roteiros seguindo textos de escritores galegos que falan deste territorio na súa obra e a publicación dun libro cos cinco itinerarios.

4.- Documental Os penedos de Pasarela e Traba.- Este documental foi editado no ano 2009 pero na actualidade está esgotado, polo que se trata de reeditalo.

5.- Páxina web.- A páxina realizouse no ano 2010 e trátase de manter este espazo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria

O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

1.- *Romarias da Costa de Morte*

Documental sobre a romaría da Virxe da Barca	3.000.-
Documental sobre o berro seco e a romaría de San Fins	3.000.-

2.- *O megalitismo atlántico*

Renovación paneis da exposición	4.000.-
Impresión de guías da exposición	2.000.-
Transporte e montaxe	1.000.-

3.- *A Costa da Morte e a Literatura*

Certame literario: convocatoria, premios	2.300.-
Realización de cinco roteiros	5.000.-
Publicación coas cinco rutas	5.000.-

4.- *Documental Os penedos de Pasarela e Traba*

Reedición do documental	2.500.-
-------------------------	---------

5.- *Páxina web*

Mantemento e pago do dominio	700.-
------------------------------	-------

Total 28.500 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 22.800 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor; só excepcionalmente se

poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Logo da solicitude do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

9.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN PIÑEIRAL (ARZÚA) E OUTROS”, DO CONCELLO DE ARZÚA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010, CO CÓDIGO: 10.2100.0017.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Pavimentación Piñeiral (Arzúa) e outros” do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0017.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero implica un aumento da superficie que se vai pavimentar e das canalizacións que se han executar.

Código	Concello	Denominación	Financiamento co 18% de IVE				
			Deputación Fondos propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello	Orzamento Total
10.2100.0017.0	Arzúa	Pavimentación Piñeiral (Arzúa) e outros	62.635,79	146.363,35	161.575,35	19.209,33	389.783,82

10.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN CHAO (CARANTOÑA)” DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008. CÓDIGO: 08.3300.0030.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Bombeo augas resid. en Chao (Carantoña)", código:08.3300.0030.0, do Concello de Miño, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2008, cun orzamento de contrata de 111.482,26 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial establecido no proxecto orixinal, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO CO 16% IVE		
			Deputación F.propios	Concello.	Orzamento Total
08.3300.0030.0	Miño	Bombeo augas resid. en Chao (Carantoña)	100.334,03	11.148,23	111.482,26"

11.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS PORTOVELLO (CARANTOÑA)” DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008. CÓDIGO: 08.3300.0031.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Bombeo augas resid. Portovello (Carantoña)", código:08.3300.0031.0, do Concello de Miño, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2008, cun orzamento de contrata de 111.380,40 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio das condicións esenciais do contrato, si implica alteración do trazado inicial establecido no proxecto orixinal, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO CO 16% IVE		
			Deputación F.propios	Concello.	Orzamento Total
08.3300.0031.0	Miño	Bombeo augas resid. Portovello (Carantoña)	100.242,36	11.138,04	111.380,40"

12.-RATIFICAR A RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 15.036 DO 12 DE AGOSTO DE 2011, RELATIVA Á COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a Resolución da Presidencia nº. 15036 do 12 de agosto de 2011, pola que se designa a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña cuxo texto se transcribe literalmente

“I. Aprobar a composición da Mesa de Contratación permanente da Deputación Provincial da Coruña, verbo dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos, e os procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 161.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que estará integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Popular) D. Antonio Cañas Varela	Deputada provincial (Grupo Popular) Mª Elvira Padín Fernández
VOGAIS	Secretario xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almu Supervía	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil
	Interventor xeral D. José Manuel Pardellas Rivera	Interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos
	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández	Xefa da Sección de Patrimonio e Contratación Dª María José Lauda Pan
ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO	En representación do Partido Socialista D. Jesús Salvador Fernández Moreda	Deputada provincial Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
	En representación do Bloque Nacionalista Galego D. Xesús Manuel Soto Vivero	Deputada provincial Dª Silvia Seixas Naia
SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández

II. Os señores deputados asistentes percibirán as indemnizacións establecidas na base 47.3 das de execución do orzamento provincial.

III. Dispor a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público.”

13.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 SÉTIMA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: TERMINACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PK 1+960 AO 2+740. MARXE ESQUERDA. CÓDIGO 1111100008.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2011 sétima fase cun orzamento total de 35701,19.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TERMINACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PK 1+960 AO 2+740, MARXE ESQUERDA. 1111100008.0	35.701,19
TOTAL	35.701,19

Faise constar que mediante RP 6807 do 5-4-2011 iniciouse o expediente de resolución de contrato da obra SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PK 1+960 AO 2+740, MARXE ESQUERDA 0911100010.0 e que con data de hoxe se fai a proposta para a resolución de contrato, polo que a adxudicación das obras quedará condicionada á aprobación da resolución do contrato.

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

14.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2011 TERCEIRA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: PROXECTO ACTUALIZADO DO PROXECTO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO (SEGUNDA FASE). BERGONDO. CÓDIGO 1111300003.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2011 TERCEIRA FASE integrado polos proxectos que a seguir se relacionan, cun orzamento total de 446677,00.- euros e que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO ACTUALIZADO DO PROXECTO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO (SEGUNDA FASE). 1111300003.0. BERGONDO	446.677,00

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

15.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE TERMINACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESÍA NA DP 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK 0,3 AO PK 1,40. A CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Proxecto REFORMADO DE TERMINACIÓN DO MODIFICADO Nº. 1 DA TRAVESÍA NA EP 3004 DE CABANAS A MARTINETE P.Q. 0,3 A P.Q. 1,40. A Coruña (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 051130001111, polo seu orzamento de contrato de 97.210,69€ que representa un incremento respecto ao primitivo de 10.300,99€ (IVE 16%) e de 10478,59€ (IVE 18%)

2.º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo EXCAMEL, S.L. (B15937931), as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 78.739,43€, que representa un incremento respecto ao primitivo de 8.343,67€ (IVE 16%) e de 8487,53€ (IVE 18%)

3º.-Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 359,64€ que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, por tanto a garantía queda fixada co citado incremento na cantidade de 3.393,94€.”

16.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011. SEGUNDA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: PAVIMENTACIÓN CON MAC NA DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PK 5,340 A 9,469 (MONFERO). CÓDIGO 1111000022.0. EXPOR AO PÚBLICO O PROXECTO MEDIANTE UN ANUNCIO QUE SE PUBLICARÁ NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 335.700,51.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PAVIMENTACION CON M.A.C. EN D.P. 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES P.K. 5,340 A 9,460 (MONFERO).1111000022.0	335.700,51
TOTAL	335.700,51

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

17.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, SEXTA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 1708 CASTELO A ANDEIRO E RAMAL DE SAN BENITO (CAMBRE). CÓDIGO 1111100007.0. EXPOR AO PÚBLICO O PROXECTO MEDIANTE UN ANUNCIO QUE SE PUBLICARÁ NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011 SEXTA FASE cun orzamento total de 247.971,48.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 1708 CASTELO A ANDEIRO E RAMAL DE SAN BENITO (CAMBRE E CARRAL). 1111100007.0	247.971,48
TOTAL	247.971,48

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.”

18.-CUBRIR A FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO QUE SE SEGUE PARA EXECUTAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO: AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0810 GUILIADE A GUÍSAMO PRIMEIRA FASE (BERGONDO). RATIFICAR A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO PRIMEIRA FASE (BERGONDO)
2. Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

- Actualmente a estrada DP 0810, no tramo obxecto de obras, ten unha calzada estreita de ancho medio próximo aos 5 m ou mesmo inferior, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radio inferior a 50 m. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva.
- Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 2.248 vehículos/día, cunha media de 218 de vehículos pesados/día e con intensidades horarias de ata 224 vehículos/hora. O devandito tráfico é importante tendo en conta as precarias condicións xeométricas actuais da vía.
- Trátase dunha zona con moita densidade de vivendas (núcleo de Guisamo), con importante tráfico de peóns que actualmente non dispoñen nin de beirarrúas nin de beiravía para poder camiñar resgardados do tráfico. O feito de que a calzada sexa estreita e de que o tráfico pesado sexa importante, provoca que os vehículos se aproximen ata o límite existente da plataforma sen que quede espazo libre para o peón, sendo esta unha situación de risco importante de atropelo.
- Os datos anteriores de tráfico demostran que a citada estrada, con condicións xeométricas moi precarias, é utilizada por grande intensidade de tráfico pesado, de vehículos de gran volume, aumentando o risco de accidentes con choque frontal, e é utilizada en xeral por unha intensidade notable de tráfico, alcanzando intensidades horarias importantes.
- As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, aumentando o ancho de calzada para asegurar un correcto cruzamento de vehículos, creando beiravías, creando beirarrúas para a circulación segura de peóns, creando aparcadoiros evitando estacionamentos que poden empeorar as xa de seu condicións xeométricas precarias da estrada e mellorando as visibilidades dispoñibles.”

19.-APROBAR A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a Conta Xeral do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2010, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirllle á *Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais* a conta unha vez aprobada definitivamente.”

20.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 1 DE ABRIL DE 2011, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163 DO 6 DE XULLO DE 2010).

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Sen dúbida todos os puntos que se aprobaron e vanse aprobar neste Pleno teñen unha importancia, sobre todo para os concellos que se van ver beneficiados polas decisións que aquí se están adoptando, pero eu quixera facer unha breve referencia sobre este punto número 20 pola singularidade e pola importancia que ten.

Como vostedes saben o 5 de xullo do pasado ano aprobouse a chamada popularmente Lei contra a morosidade, que obriga a todas as administracións públicas a render contas trimestralmente sobre a xestión dos pagos e os prazos que se utilizan para pagar esas facturas. Esa lei o ano 2010 fixaba 55 días, o ano 2011 fixou 50 e crese que o ano 2012 esixirán 30 días. Eu quixera pór de manifesto a importancia que isto ten nuns momentos difíciles económicos que está a pasar España, o país, os seus cidadáns e as súas empresas. A dilixencia que se ten nesta Deputación no pagamento das facturas é un tema importante porque unha demora dun mes ou de 40 días no pago dunha factura nas circunstancias que estamos a vivir pode obrigar a algunha empresa a entrar en situación concursal.

O informe que hoxe se nos presenta para o noso coñecemento pon de manifesto que se tardan 32 días naturais en pagar as facturas, é dicir, desde que entra a factura no Rexistro ata que o provedor ou o contratista recibe o ingreso na súa conta corrente, pasan 32 días naturais, o que supón que vén sendo uns 22 días hábiles. Non sei se hai moitas administracións en España que paguen con esta celeridade, non sei tampouco se hai moitas administracións en España que, das facturas rexistradas que supoñen neste primeiro semestre 2.564, se aproben 2.505, o 97,70%, imaxino que o dous e pico restante serán porque teñen dificultades, estarán mal tramitadas as facturas, que se pague o 96% e que queden pendentes só o 2,3%, imaxino que son estas 59 facturas, as facturas que se reciben nos últimos días antes de render este informe.

Por tanto, quixera pór de manifesto que para facer isto non só hai que ter diñeiro, senón que hai que ter unha organización que permita pagar isto. Creo que merece a pena pór de manifesto, é unha boa noticia para os contratistas e os provedores

desta Deputación, é un exemplo para outras administracións e quixese pór de manifesto o agradecemento co recoñecemento, polo menos do Grupo Socialista, cara aos funcionarios desta casa pola súa axilidade e o seu bo facer neste tema como noutros tamén. E dicir que, posiblemente, estas datas se vexan diminuídas porque proximamente aplicarase e porase en marcha a facturación electrónica de facturas que permitirá, posiblemente, acurtar o prazo de pagamento de facturas.

Nada máis, Sr. presidente, era pór de manifesto porque me parece que todo o que aprobamos é importante pero esta é unha noticia que ten unha importancia singular porque estamos a lanzar unha mensaxe aos provedores, aos acredores, que aquí non hai facturas ocultas, que aquí non hai ningún problema, aquí se rexistra todo o que entra e aquí se paga con rapidez e con celeridade todas as facturas que se presentan. Grazas.

Sr. Freire Abeijón

É unha boa noticia xa que lamentablemente a maioría dos concellos da provincia non están na mesma situación pero estamos na idea de modificar as bases do POS para aumentar a proporción que os concellos poidan destinar a gastos correntes e colaborar e facilitar que todos os concellos poidan pórse ao día tamén nesa situación de pago ás distintas empresas. Nada máis e moitas grazas.

ACORDO

A Corporación toma coñecemento do seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se publique un anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

21.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BRIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Brión en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

22.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OROSO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Oroso en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

23.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIONES DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Pontedeume en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

24.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIONES DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TRAZO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Trazo en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004,

do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

25.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CORCUBIÓN EN MATERIA DE RECADACIÓN, VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DA TAXA POLA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS POLA BEIRARRÚA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Corcubión en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada e saída de vehículos pola beirarrúa.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

26.-CONVENIO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REMODELACIÓN DE VESTIARIOS EN PAVILLÓN Nº 5 DE FIMO FERROL

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol, para financiar as obras de remodelación de vestiarios no pavillón nº 5 de FIMO e ampliación e cambio de localización do centro de transformación e seccionamento.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 246.430,36 €.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/422B/767.01.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PRO-FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL (FIMO) PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REMODELACIÓN DE VESTIARIOS NO PAVILLÓN N.º5 E A AMPLIACIÓN E O CAMBIO DE SITUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E SECCIONAMIENTO

A Coruña, de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, en representación do Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol.

EXPOÑEN

- 1.- Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol consideran de grande interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta o proxecto que se incorpora ao presente convenio.
- 2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva ao acondicionamento e mellora no recinto feiral de Ferrol.
- 3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONSORCIO PROFERIAS E EXPOSICIÓNS, CIF V-15060478, para o financiamento das obras de remodelación de vestiarios no pavillón nº 5 de FIMO e ampliación e cambio de situación de centro de transformación e seccionamento, redactado por Don Benito José Calvo Castro, arquitecto técnico e enxeñeiro de Edificación, Enxeñeiro Industrial, colexiado Nº 1.101 de Rafael Casas Durán, enxeñeiro técnico industrial que foron visados polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Galicia.

O CONSORCIO PROFERIAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

1.-Orzamento do proxecto de remodelación de vestiarios no pavillón nº 5 de FIMO

DESCRICIÓN	PREZO
DEMOLICIÓN	2.219,25
ALBAÑELARIA	9.930,59
FONTANERIA	5.213,76
ELECTRICIDADE	617,00
CARPINTERIA	840,00
GAS E AUGA QUENTE SANITARIA	7.821,96
PINTURA	2.089,80
VARIOS	5.090,00
SUMA DE EXECUCIÓN MATERIAL	33.822,36
6% GASTOS XERAIS	2.029,34
13% BENEFICIO INDUSTRIAL	4.396,91
IVE (18%)	7.244,75
TOTAL ORZAMENTO	47.493,36

2.-Orzamento de ampliación e cambio de situación de centro de transformación e seccionamento de FIMO

DESCRICIÓN	PREZO
CENTRO DE SECCIONAMENTO E TRANSFORMACION	37.021,15
APARAMENTA DE ALTA TENSIÓN	29.838,11
EQUIPOS DE BAIXA TENSIÓN	42.989,76
SISTEMA DE POSTA A TERRA	3.629,85
TRANSFORMADORES	25.100,28
VARIOS	1.913,09
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	140.492,24
1% SEGURIDADE E SAÚDE	1.404,92
13% GASTOS XERAIS	18.263,99
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	8.429,53
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN	168.590,68
IVE 18%	30.346,32
TOTAL ORZAMENTO	198.937,00

TOTAL 2 ORZAMENTOS: 246.430,36 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **246.430,36 €** o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98,57 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/721A/767.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, para tal fin utilizaranse os pregos-tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantirase, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Poderase xustificar a utilización do prego-tipo para o procedemento negociado cando razóns de carácter técnico ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia. No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación aboaráselle ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

Os xustificantes que se acheguen deberán estar comprendidos entre o 01.01.2011 ata o 30.12.2011. As achegas da Deputación aos gastos xustificados no ano 2011 poderán ser aboadas logo da consignación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación do ano 2011, circunstancia á que quedan condicionadas.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do

cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e

nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIONS DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIONS DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano, contado dende esta e producirá efectos retroactivos desde o 01.01.2010.

2. Logo da solicitude da CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asinar o presente documento por cuadruplicado, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado mediante acordo do pleno da Deputación de do dous mil once

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DO
CONSORCIO PROFEIRAS

Diego Calvo Pouso

“

27.-CONVENIO PARA FINANCIAR A 1ª EXPOSICIÓN DA RAZA FRISOA EN ARZÚA COA ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DA FRISOA CORUÑA (PROFICO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e a Intervención provincial:

1.- Aprobar o texto do convenio que ha subscribir a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) para financiar a 1ª Exposición da Frisona en Arzúa.

2.- A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 20.000 euros, que supón o 45,1468% do presuposto do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414A/481, crédito incluído nos presupostos do exercicio 2011

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) PARA O FINANCIAMENTO DA 1ª EXPOSICIÓN DA FRISONA EN ARZÚA

A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Manuel Anxo Dono Sánchez, en representación da ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO).

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todos aqueles proxectos que contribúan á valorización e comercialización das producións gandeiras.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) consideran de interese provincial a promoción e exaltación da gandería frisona da provincia da Coruña.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271, para financiar a Iª Exposición da Frisona en Arzúa.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO)

A asociación levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento (detallado na memoria valorada).

CONCEPTO	IMPORTE
Publicidade (carteis, catálogos, prensa)	2.500,00 €
Transporte	6.000,00 €
Premios (7 trofeos e 15 premios en metálico)	9.000,00 €
Escarapelas e bandeiríns	3.000,00 €
Seguro vacas (valor aprox. 250.000 euros)	4.000,00 €
Alimentación (penso, mestura, alfalfa, etc.)	1.800,00 €
Gastos (dirección e preparación de animais (100 animais))	10.000,00 €
Gastos sanitarios e selección previa	3.000,00 €
Recinto concurso (preparación)	5.000,00 €
TOTAL:	44.300,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 45,1468%.. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,1468%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2011, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €.

Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO) CIF G-70273271 será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará 1 ano despois da súa sinatura e producirá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Logo da solicitude da ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN DE FRISONA CORUÑA (PROFRICO), realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de 2011

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DE PROFRICO

Diego Calvo Pouso

Manuel Anxo Dono Sánchez

ACTUACIÓN DE CONTROL
ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Sr. presidente, vímonos decatando da súa inxente axenda polos medios de comunicación, nesta administración hai unha norma non escrita, pero que veu cumprindo escrupulosamente ao longo dos diferentes gobernos e mandatos que presidiron esta Corporación, que é a de informar e convidar os diferentes grupos provinciais ás inauguracións que os membros do goberno e o Sr. presidente fan no

territorio da provincia, nós desexamos que esa norma non escrita se cumpra tamén no presente mandato. No caso das visitas institucionais, da mesma forma tamén o presidente da Deputación provincial animaba aos alcaldes das diferentes corporacións que visitaba a que se convidase aos diferentes grupos políticos con representación municipal.

Nós entendemos que esa norma, que xa digo que non está escrita en ningún sitio, se siga cumprindo escrupulosamente porque o merecido respecto institucional demanda que esa actuación se siga mantendo no tempo.

Sr. presidente

A verdade é que espero que se siga mantendo, pido desculpas se nalgún momento non se mantivo, e é un compromiso tamén ao longo de toda a lexislatura de que así sexa. E se nalgún caso non se produce, rogo que se me faga saber. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. O pasado día 7 na Comisión de Promoción Económica produciuse un feito que me parece especialmente preocupante, retirouse da orde do día un asunto, un asunto que estaba ditaminado, que estaba tramitado, con todos os informes favorables.

Retirar da orde do día un asunto esixen unhas causas moi profundas, moi xustificadas, porque iso que termina cun expediente tramitado, con todos os informes favorables, implica que antes houbo decisións, houbo acordos que son constitutivos de dereitos, por tanto non é unha cousa banal. Fago referencia á formalización dun convenio co Concello de San Sadurniño para financiar a adquisición dun edificio do antigo cinema para actividades culturais.

A min gustaríame saber se o presidente da Deputación pensa levar este tema que está mesmo incorporado nos Orzamentos do 2011, que foi obxecto de todas as tramitacións con todos os informes favorables, gustaríame que o presidente da Deputación me confirmase que na próxima reunión desta Comisión a próxima semana, este punto será levado para a súa aprobación, para ditaminalo e aprobalo definitivamente no Pleno correspondente ao mes de setembro.

Sr. Freire Abeijón

Efectivamente, este asunto foi extraído da orde do día co obxectivo, sen interferir na autonomía local, co obxectivo de manter unha entrevista cos representantes deste concello, co alcalde e mesmo con algún dos deputados aquí presentes, coa idea, por suposto, non de privar dun financiamento a un concello en concreto, senón de expor a posibilidade dunha reorientación dese convenio. Para iso, e supoño que se cadra o deputado quere facer algunha aclaración, o deputado da área correspondente,

ten previsto manter unha reunión proximamente, el pode aclararlle con máis detalle en que pode consistir esa proposta, e a condición de que exista consenso por parte do goberno municipal, loxicamente exporíase algún cambio, de non existir ese consenso respectaríase.

Sr. Amor Barreiro

Bos días a todos. Efectivamente, nesa Comisión retirouse ese punto, apoiado polo Grupo Socialista na Comisión, polos representantes do Grupo Socialista, e coa abstención do Bloque Nacionalista Galego, teño fixada unha visita para ir ao Concello de San Sadurniño, xa pechada, para o día 28, creo lembrar, despois desa visita seguiremos co trámite oportuno.

Sr. Fernández Moreda

Agradezo ao voceiro e ao presidente da Comisión pero eu a pregunta facialla ao presidente, porque as preguntas son ao alcalde ou ao presidente, pero agradezo as explicacións.

Eu non entendo que teñen que acordar, entón poden acordar todo o que veña de atrás, esta é unha decisión tomada por un goberno en plenitude das súas facultades que está todo tramitado, entón non hai nada que acordar, hai que aprobalo. E a pregunta que fago é se na próxima Comisión se vai levar este punto para aprobalo e para traelo a Pleno o día 30 deste mes porque así como fan isto con este tema, se isto o consentimos, pódeno facer en calquera outro tema que se estea tramitando, desde estradas, obras do POS, o que queiran, é dicir, non teñen que acordar con ninguén, está acordado co concello porque o concello pediu estas obras, e aprobouse e aprobouse nos Orzamentos do ano 2011, e tramítase como calquera outra obra que se está tramitando. Se imos revisar todo abrimos unha brecha que me parece que é preocupante e pódenos levar por un mal camiño. Por tanto, eu pido que se leve a Comisión, está tramitado perfectamente, que se aprobe, que se traia a Pleno e que se aprobe como calquera outro tema dos que se están tramitando e que veñen de atrás.

Sr. presidente

Sr. voceiro do Grupo Socialista, a este Pleno tráense todos os puntos tramitados, como vostede sabe, regularmente, nas comisións e desde que esta Corporación tomou posesión tramitáronse todos e cada un dos expedientes que aquí hai e nunca se produciu ningún tipo de revisión como se produciu, se cadra, noutras administracións, no cal loxicamente non imos entrar.

Neste caso concreto que, como comprenderá vostede, aínda enriba coñezo o concello bastante ben, o que si pedimos foi pedir unha reunión previa co alcalde para falar do proxecto e ver se podemos chegar a algún consenso, loxicamente iso non supón nin que se vaia perder o diñeiro, nin que se vaia botar nada para atrás, simplemente creo que é de recibo poder falar co representante democraticamente elixido nun

concello, dun investimento que se vai facer nese concello, creo que é de recibo, e non creo que ninguén se opoña, e por tanto, creo que é de recibo tamén que a institución que vai levar a cabo ese investimento tamén poida falar con ese goberno municipal. Iso é o que se expuxo o outro día na Comisión e a min gustaríame que puidese, vostede en concreto, desestimar calquera tipo de pantasma sobre este asunto, simplemente queremos ir falar co alcalde, queremos facer unha visita e, loxicamente, todo seguirá o seu trámite.

Se vai ser incluído na seguinte Comisión? Non sei se dá tempo a facer a visita antes da Comisión, se é así será incluído e se non, quedará para as seguintes, do cal daremos respectiva conta na Comisión correspondente.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.